

A VIAXE REBELDE DUNHA MINORÍA PROLETARIA DURANTE UN BREVE PERÍODO DE TEMPO

Unha crise histórica?

Desde mediados da década dos 70 deuse en todo o mundo unha crise permanente na reprodución das relacións capitalistas en todas as súas formas (política, económica e ideolóxica). Tal como o entendemos, esta crise ten dous aspectos: é unha crise de sobreacumulación de capital, é dicir, de incapacidade, por parte dos capitalistas, de incrementar a taxa de explotación e reducir o custo do capital constante para así aumentar a taxa de beneficios esixida por unha acumulación de capital crecente; ao mesmo tempo, é unha crise de lexitimidade, é dicir, unha crise das formas políticas e ideolóxicas que garantían a disciplina da forza de traballo. Poderíamos falar da incapacidade do capital e o seu estado de propor un novo modelo produtivo/social global que substituiría ao acordo keynesiano de posguerra, golpeado duramente polas loitas do proletariado planetario e as políticas capitalistas contra el.

Durante esta longa crise de reprodución déronse períodos de depresión cíclicos. O capital en xeral tentou lidar con eles de varios modos: cambiando o esquema global institucional e legal e o movemento de

capitais e "liberalizando" os mercados, promovendo a través da guerra unha mestura de neoliberalismo e keynesianismo, diminuindo os salarios e institucionalizando a precarización do traballo, levando a cabo novos cercados, pondo ás "clases perigosas" baixo supervisión penal e/ou integrándoas no sistema crediticio a través dunha política de "keynesianismo privatizado".

A pesar das recuperacións temporais, o fracaso final de todas as estratexias e tácticas descritas arriba, destinadas a postergar o agravamento da crise, converteu a longo prazo esta crise de reprodución nunha crise histórica, como moitos defenden.

As pasadas dúas décadas, o capital e o seu estado tentaron superar a crise de reprodución en Grecia a base de sucesivas reformas da educación e o sistema de benestar, promovendo a precarización das relacións laborais, con continuos intentos legais de disciplinar aos inmigrantes e controlar os fluxos de inmigración, reducindo as prestacións sociais, os salarios e subsidios e substituíndoos por préstamos bancarios. Todas estas medidas dirixidas á desvalorización, o disciplinamento e a división da clase obreira e a que os traballadores paguen o custo de reprodución da súa forza de traballo non conseguiron que o capital saque proveito da crise -a pesar de que entre mediados do noventa e a primeira década do século XXI, consiga aumentar a taxa de explotación e expandir a súa rendibilidade.

En Grecia a crise de reprodución manifestouse máis

explicitamente como unha crise de lexitimidade das relacións capitalistas, xa sexa mediante a crise permanente da educación os pasados 30 anos (consultar o noso texto acerca da folga dos profesores de educación primaria en 2006 e o movemento estudantil en 2006-07) ou, moito máis, a través da revolta de decembro. A revolta foi unha expresión clara da rabia proletaria contra unha vida que está a ser cada vez máis devaluada, vixiada e alienada. Con todo, a crise de decembro non pode conectarse directamente coa recente depresión que comezou a manifestarse en Grecia en setembro de 2008.

A revolta: a súa composición de clase

Non imos describir aquí rigorosamente todo o ocorrido durante a revolta, tal e como xa fixemos noutro lugar (ver Como un inverno con mil decembros [TPTG/Blaumachen]¹). No que respecta á composición de clase da revolta, esta compúñana desde estudantes de instituto e universitarios a traballadores novos, precarios na súa maioría, de distintos sectores como a educación, a construción, o turismo e servizos de entretemento, transporte e, mesmo, medios de comunicación. (Por suposto, non é fácil distinguir aos estudantes dos traballadores precarios). Respecto dos traballadores de fábrica, non hai unha estimación precisa acerca da súa participación individual nos disturbios, dado que non hai información proveniente de tales lugares de traballo. Algúns dos estudantes e traballadores eran inmigrantes de segunda xeración (sobre todo albaneses, aínda que tamén había

¹ Pódese atopar unha tradución ao galego dunha parte deste texto no número 1 da revista Abordaxe

inmigrantes doutras nacionalidades). Algúns dos estudantes e traballadores que participaron nos disturbios eran tamén siareiros de fútbol. Por último, pero non por iso menos importante, debemos mencionar a participación de "lumpen" proletarios, por exemplo yonquis, principalmente durante os primeiros días da revolta. En xeral, foron precisamente aqueles segmentos da clase que sufriron directamente a violencia da vixilancia estatal e a deterioración das condicións laborais quen participaron máis activamente na revolta. Doutra banda, moitos traballadores maiores que acaban de comezar a sufrir a chamada "crise financeira" (despedimentos, reducións de salario, etc.) simpatizaron coa queima de bancos e edificios estatais, pero na súa maioría non participaron.

Sería interesante engadir que debido á violencia da multitude e á súa variada composición, non foron poucos os políticos (incluso algúns anarquistas organizados) que a atoparon demasiado "incontrolable" e distanciáronse do que ocorría, especialmente o terceiro día da revolta, cando a violencia alcanzou o seu pico.

A alta porcentaxe de inmigrantes na revolta esixe algunha explicación. O influxo de moitos inmigrantes balcánicos, especialmente albaneses, durante o pasados vinte anos, cambiou considerablemente a composición da clase obreira en Grecia. Ao mesmo tempo, debido á política de inmigración do estado capitalista grego, toda unha xeración de mozos inmigrantes, sobre todo albaneses, nados ou criados en Grecia, non son considerados cidadáns gregos. A legalización de todos os inmigrantes é algo indesexable porque, para o

capital e o seu estado, os inmigrantes só son necesarios cando constitúen unha forza de traballo insegura, barata e obediente. O chamado proceso de "legalización", en Grecia e outros países, foi considerado durante moito tempo algo necesario para o capital e o seu estado porque desta maneira podían controlar e levar a conta dos fluxos de inmigración. É por isto que mesmo a segunda xeración de inmigrantes non pode conseguir facilmente un permiso de residencia; pola contra, deben demostrar cada cinco anos como moito a súa "capacidade" de estar e traballar no país e, por suposto, non teñen dereito a votar. Nin que dicir ten que as súas condicións laborais son as peores, no concenrente a salarios e seguridade social. Pero a pesar do racismo, tanto social como estatal, a maioría dos inmigrantes de segunda xeración están bastante ben integrados, especialmente os albaneses, que constitúen a maioría da poboación inmigrante en xeral.

Os mozos albaneses de segunda xeración relacionábanse moi ben co resto de manifestantes nativos. Sentíanse máis "cómodos" participando xunto a mozos proletarios gregos nos enfrontamentos contra os policía, en ataques aos edificios estatais e bancos e nos saqueos; que xunto a outros inmigrantes, sobre todo asiáticos e africanos, que aínda viven nas súas comunidades étnicas marxinaas e illadas. Para estes era máis fácil e menos arriscado participar nos disturbios a través dos saqueos ou frecuentando a ocupación aberta da Universidade Técnica Nacional no centro de Atenas, onde grandes comunidades asiáticas e africanas viven en áreas parecidas aos guetos; cando comezaron os disturbios preto dos "seus" barrios, esa foi a maneira

como "contribuíron". Estes inmigrantes recibiron o ataque máis violento tanto da policía como da propaganda mediática. Eran presentados como "saqueadores" e "ladróns" e nalgúns casos recibiron ataques indiscriminados por parte de fascistas e policías de paisano.

A revolta: o seu carácter e contido

Os rebeldes que se atoparon nas rúas e as ocupacións superaron temporalmente as súas identidades e roles separados impostos pola sociedade capitalista, dado que non se atoparon como traballadores, universitarios, estudantes de instituto ou inmigrantes, senón como rebeldes. Pode que non todos utilizasen unha linguaxe proletaria, que non todos fosen á folga, excepto os estudantes de instituto e os universitarios, pero o que realmente fixeron foi crear comunidades proletarias de loita contra o estado e o capital. O carácter espontáneo e incontrolable da revolta mostrouse precisamente pola falta de demandas políticas ou económicas, por unha completa negación da política e o sindicalismo. Este demostrou ser o punto forte da revolta: que non podía ser representada, cooptada ou manipulada por mecanismos políticos que negociasen co estado. As organizacións da esquerda extraparlamentaria que participaron na ocupación da Facultade de Dereito trataron de impor algunhas demandas políticas (desde o desarmamento dos policías e a dimisión do goberno até hipotecas a interese cero) pero atopáronse con oídos xordos.

Imos citar aquí parte do primeiro informe da revolta que escribimos a finais de xaneiro:

A xulgar polas consignas e os ataques contra a policía, o sentimento antipolicial foi dominante durante os días da revolta. A policía representaba ao poder e, sobre todo, a súa brutalidade e arrogancia. Porén, dado que eran símbolos dun certo poder -o poder do diñeiro, o poder de impor a explotación do traballo e de profundar as desigualdades de clase na sociedade grega-, atacáronse, queimáronse ou ocupáronse as grandes tendas, os bancos e os edificios públicos (concellos, delegacións do Goberno, ministerios). Así pois, poderíamos falar dun sentimento antipolicial, antiestatal e anticapitalista dominante e xeneralizado. Incluso os intelectuais esquerdistas recoñeceron o elemento de clase da revolta e algúns xornais burgueses admitiron que "a raiba da mocidade" non se expresaba só por mor da violencia policial. Os policías eran a punta máis visible e crua dun iceberg formado por escándalos de corrupción no Goberno, un Estado policial -armado tras as Olimpíadas de 2004- que nen o pensa á hora de disparar a sangue frío, un ataque continuo aos salarios, un aumento dos custos de reprodución da clase obreira mediante a gradual demolición do anterior sistema sanitario e de pensións, unha deterioración das condicións laborais e un aumento dos traballos precarios e o paro, unha carga de exceso de traballo imposta aos estudantes de instituto e universitarios, unha destrución tremenda da natureza, e unha fachada glamurosa consistente en obxectos abstractos de

desexo nos centros comerciais e os anuncios televisivos, que tan só poden conseguirse á conta de endurecer a explotación e aumentar a ansiedade. Os primeiros días da revolta case se podían cheirar estas razóns no aire e por iso houbo unha chea de textos, artigos e panfletos, escritos tanto por insurrectos como simpatizantes e "analistas", que recoñecían que había "algo máis profundo". Este "asunto máis profundo" do que falaba todo o mundo era a necesidade de superar o illamento individual da vida real, comunal [gemeinwesen], un illamento creado por todas as razóns históricas citadas arriba.

Seis meses máis tarde, aínda creemos importante pór o acento neste último punto porque moitos compañeiros no estranxeiro pensan que o movemento tan só atacou aos policía e as institucións de control - a "punta do iceberg". A experiencia rebelde foi moito máis que iso. Foi a actividade en común dunha emerxente corrente subversiva subxacente que sabe que, á beira da esfera da produción inmediata, a escola, a familia, o consumo, a política, o cárcere e a policía, tamén producen e reproducen as clases. A experiencia rebelde, a comunidade material de loita contra a normalización -cando un individuo desviado se convertía no mediador doutro individuo desviado, un verdadeiro ser social- mediu as emocións e o pensamento e creou unha esfera pública proletaria. Esta esfera aberta é o presuposto necesario dun momento decisivo da subversión social: a comunización dos medios de produción e as relacións. Pero este momento decisivo, o punto de non retorno, nunca se alcanzou. Despois de todo, esta foi tan só a viaxe

rebelde dunha minoría proletaria durante un breve período de tempo, e non unha revolución. Con todo, esta sensación de que había "algo máis profundo" en todo isto, a idea de que os asuntos aos que se referían os rebeldes concernían a todo o mundo era tan predominante, que explica por si soa a impotencia dos partidos da oposición, as organizacións esquerdistas e, mesmo, algunhas anarquistas como mencionamos arriba.

Dado que os estudantes de instituto e universitarios foron un suceso tan significativo na revolta, deberíamos analizar con detemento a sobrecarga de traballo que lles foi imposta. A educación, como a principal institución capitalista que dá forma, cualifica e coloca a mercadoría forza de traballo nunha división capitalista do traballo en continuo desenvolvemento, expandiuse en termos de poboación estudantil desde a década dos 60 en Grecia. Este desenvolvemento deu lugar a novas demandas "populares", expectativas, oportunidades de mobilidade social e "éxitos" individuais. Tamén deu lugar á acumulación de tensións e contradicións, frustracións e "fracasos" individuais (tamén chamados "fracasos do sistema escolar"). A produción masiva de expectativas (e o correspondente aumento de proletarios de colo branco e os novos estratos pequeno burgueses nos setenta e oitenta) causada pola democratización e a expansión da educación provocou unha crise estrutural inevitable na división xerárquica do traballo e unha crise de disciplina e sentido na escola; noutras palabras, unha crise de lexitimidade que golpeou duramente a educación estatal. Non importa o nome que se lle dea a esta crise -"crise de lexitimidade",

"crise no papel de colocación selectiva da educación", "crise de expectativas" ou "crise na correspondencia de cualificacións coas oportunidades de carreira"- a verdade é que a educación está seriamente sumida nunha crise e, tal como demostrara o masivo movemento estudantil de 2006-2007, esta situación explotou. É posible entender tanto o movemento como a revolta se os vemos como expresións da insatisfacción acumulada de toda unha xeración de mozas da clase obreira desde as reformas do noventa. Estas reformas serviron para impor o traballo intensivo na escola e na esfera do traballo asalariado. Non conseguiron evitar que esta xeración expresase o seu descontento cunha vida cada vez máis caracterizada pola inseguridade e o medo. Estes mozos, ao mesmo tempo, rebelábanse contra unha actividade cotiá que parece similar a calquera outro tipo de traballo. Esta revolta contra o traballo de estudo recibiu un impulso por un número considerable de estudantes que xa sufrían directamente a explotación e alienación como traballadores asalariados.

Algunhas formas de organización que resultaron da revolta

Desde o primeiro día, ocupáronse e utilizaron como "bases vermellas" do movemento tres universidades no centro de Atenas. Nelas organizábanse accións subversivas e podían refuxiarse os rebeldes en caso de necesidade. Estas ocupacións terminaron xusto antes de Nadal. En comunicación directa con estas ocupacións, foron aparecendo gradualmente varias asembleas locais

edificios públicos. Como dixemos no mesmo texto mencionado arriba:

En todas estas actividades, a novidade común era o intento de "abrir" a revolta aos barrios. Estas asembleas entendéronse como "assembleas de loita no barrio" ou "assembleas populares", como se lles chamou. Na maioría dos casos, apareceron distintas tendencias dentro desta "apertura" social, especialmente a medida que a revolta ía acougando. Unha tendencia quería organizar unha comunidade de loita que ampliase os asuntos da revolta, outra prefería un tipo de actividade máis orientada a enfrontarse aos asuntos locais sobre unha base firme. Ao principio, as asembleas parecían moi innovadoras e animadas. Non había un procedemento formal de toma de decisións ou regra da maioría e fomentábanse diferentes iniciativas. Porén, a finais de xaneiro, non prosperaron as ocupacións de edificios "xa fosen públicos, sindicais ou municipais- e non está claro si é posible que salga algún movemento novo desta práctica de curta duración.

[...] En termos xerais, houbo moita comprensión e interese nos insurrectos pero pouca participación activa por parte da "poboación".

Algunhas destas asembleas aínda continúan pero con moita menos xente, sobre todo activistas. O seu principal interese actualmente é a expresión de solidariedade cos perseguidos polo estado e cos inmigrantes, a defensa dos espazos ocupados na cidade así como a organización de moitas actividades

conectadas coas loitas actuais.

A separación espectacular da "loita" armada

A necesidade de mediar politicamente a raiba proletaria, mesmo se se tratase dunha mediación armada, non foi algo proveniente da propia loita senón que lle foi imposto desde fóra e a posteriori. Ao principio, déronse dous ataques levados a cabo pola chamada "vanguardia armada", un o 23 de decembro, tras o pico da revolta, e outro o 5 de xaneiro, cando estaba en xogo o rexurdimento da revolta. Desde un punto de vista proletario, mesmo aínda que estes ataques non fosen organizados polo mesmo estado, o feito de que despois dun mes todos nós pasásemos a ser espectadores daqueles "actos exemplares", que non foran parte da nosa práctica colectiva, foi unha derrota en si mesmo. A "vanguardia armada" elude admitir non só que non eran os primeiros en atacar á policía senón tamén que ningunha "vanguardia armada", nunca e en ningún lugar, conseguiu facer desaparecer á policía das rúas e facer que os axentes de policía non se atrevan por uns días a levar consigo as súas identidades oficiais; eluden admitir que eran excedidxs polo movemento. Alegando que hai "unha necesidade de elevar o nivel" da violencia, a chamada "vanguardia armada" tenta esencialmente diminuír o grao da social e xeograficamente difusas violencia proletaria e violación da lei; son estes xs verdadeirxs inimigxs da "vanguardia revolucionaria" dentro do movemento e sempre que tales prácticas continúen, ningún intervencionismo destinado a "elevar o nivel" das cousas pode atopar

chan fértil. É aquí onde a loita armada se alía co estado: para ambos é unha ameaza a continuación da actividade subversiva proletaria, que os desafiá.

A actividade subversiva proletaria na revolta fíxose cunha vitoria temporal pero non tan superficial: unha insubordinación que debilitou a vixilancia e a seguridade do estado durante un mes e demostrou que podemos cambiar as relacións de poder. Isto foi posible dado que os rebeldes apuntaron ás relacións sociais que están obrigados a vivir, algo que ningunha "vanguardia armada" conseguiu nunca.

Considerando o alcance e a intensidade de todo o ocorrido en decembro, o aparello represivo do estado probouse practicamente débil. Dado que teñen que lidar cunha deslegitimización das institucións de control e non só con balas e granadas, a tristemente soada tolerancia cero pasou a ser simple tolerancia cara ás actividades dos rebeldes. O contraataque estatal podería de feito ter éxito en xaneiro, cando fixeron uso das operacións da "vanguardia armada": primeiro, a nivel ideolóxico, ao equiparar o asasinato estatal co ataque a un axente antidisturbios e, por tanto, devolvéndolle lexitimidade á policía e á vixilancia estatal en xeral. En segundo lugar a nivel operativo, ao intensificar a súa represión. Mesmo sacaron proveito do lugar do ataque (Exarjia), que lles permitía presentar a revolta como unha vendetta espectacular entre policías e "anarquistas", como unha grotesca e banal representación cuxo escenario era un gueto político.

A medida que se desvanecía a revolta, houbo unha notable proliferación de ataques a bancos e edificios estatais levados a cabo por moitos grupos, que non poden meterse na mesma categoría que as "fazañas" da "vanguardia armada", dado que a maioría deles non reivindicaron estar por diante do movemento (aínda que non lles faltou arrogancia e voluntarismo). Con todo, a volta da "vanguardia armada" propiamente dita coa execución dun axente antiterrorista a comezos de xuño, cando se debilitou mesmo o recordo da revolta, deu ao militarismo e á escalada de violencia pura un pretexto para presentarse como unha alternativa atractiva para unha (pequena?) parte de quen participaron na revolta, a xulgar pola tolerancia política do medio antiautoritario cara a esta acción. A limitada composición de clase da revolta, a súa limitada extensión máis aló da desleximación da vixilancia estatal e o enfraquecemento gradual de moitos proxectos comunitarios no centro e nos barrios - principalmente en Atenas- deron lugar ao xurdimento dun tipo separado de violencia cega como caricatura perigosa de "loita" ou, mellor dito, como substituto. A medida que certos suxeitos importantes da revolta ían deixando a escena (estudantes de instituto, universitarios e inmigrantes), o seu contido social fíxose máis e máis débil e as identidades políticas fortalecéronse de novo, tal como era a norma anteriormente. A violencia da "vanguardia armada" é só una destas identidades políticas, mesmo na súa forma naif e nihilista, aparecendo nunha era de crise xeneralizada de reprodución na que o estado e o capital son incapaces de ofrecer ningún tipo de "remedios" socialdemócratas para sanar as feridas da

revolta. Non nos importa agora a verdadeira identidade destes asasinados co seu ridículo pero revelador nome, "Seita Revolucionaria"; o que nos importa é a tolerancia política que gozaron dalgúns sectores, dado o feito de que é a primeira vez que nun texto escrito por unha "vanguardia armada" grega non hai un chisco da tradicional ideoloxía leninista "polo pobo" senón, en cambio, unha sede de sangue nihilista e antisocial. A crise do neoliberalismo como fase da acumulación capitalista e a crise de lexitimidade parece dar lugar a unha crise máis profunda (mesmo a serios sinais de descomposición social) e non sinais de reactivación do reformismo. Incluso o recente fracaso electoral do partido gobernante xunto coa alta porcentaxe de abstención (o maior na historia dun país excesivamente politizado como Grecia), que era un resultado indirecto da crise de lexitimidade que a revolta expresou e profundou, non fixo que o estado conceda nada. Con todas as súas limitacións, a revolta fixo aínda máis visibles que antes os límites da integración capitalista. A consigna "comunismo ou civilización capitalista" parece agora máis oportuna que nunca.

A revolta, os lugares de traballo e os sindicatos de base

Para discutir as razóns polas que a revolta non se estendeu aos lugares do traballo asalariado -unha cuestión preguntada a miúdo por compañeirxs de fóra-, necesitamos primeiro analizar máis certos sectores do proletariado. Segundo o noso coñecemento empírico,

aqueles traballadores que poden ser definidos como "traballadores con traballo estable" ou non precarios tiveron unha participación moi limitada na revolta, se é que participaron nela. Para aqueles de este segmento de traballadores que si tomaron parte na revolta, tentar estendela aos seus lugares de traballo significaría dedicarse a montar folgas salvaxes fora e contra os sindicatos, dado que a maioría das folgas son convocadas e controladas por eles, aínda que o seu prestixio leva moito tempo diminuindo. O últimos vinte anos convocáronse moitas folgas no sector público (educación, servizos públicos, algúns ministerios). Estas loitas pasadas revelaron que os traballadores non son capaces de crear formas autónomas de organización nin de dotar ás súas mobilizacións de novos contidos máis aló das demandas sindicalistas. En canto ás ocupacións dos lugares de traballo, tales actividades só tiveron lugar en loitas defensivas contra peches ou deslocalizacións, sobre todo en fábricas téxtiles. Pero incluso esas loitas que se deron os últimos anos, como a maioría das folgas, non lograron nin de lonxe a satisfacción das súas demandas. Ademais de todo isto, o capitalismo en Grecia caracterízase por unha escasa concentración de capital, con moitas empresas pequenas onde son empregadas mesmo menos de dez persoas e onde apenas existe algún tipo de sindicalismo. Un dos principais suxeitos da revolta, isto é, os traballadores precarios, que sobre todo traballan en lugares así, non os consideran terreo de poder e mobilización proletarios e na maioría dos casos non están apegados ao seu traballo. É posible que fóra precisamente a súa incapacidade e mesmo falta de vontade de mobilizarse

alí o que fixo que xs moxas precarios tomasen as rúas. É máis, como dixemos antes, esta primeira revolta urbana en Grecia foi, como todas as revoltas urbanas modernas, unha violenta erupción de deslegitimización das institucións capitalistas de control e, o que é máis, unha curta experiencia de vida comunitaria contra as separacións e fóra dos lugares de traballo - coa notable excepción das universidades e o municipio de Agios Dimitrios. No caso dos traballadores precarios, estender a revolta aos seus lugares de traballo implicaría folgas salvaxes e ocupacións e nada máis. Certamente, dadas as posibilidades prácticas e a súa disposición subxectiva, tal extensión era tan imposible como indesexable.

Con todo, moitos rebeldes decatáronse destes límites e tentaron dar o salto. A ocupación da sede da Confederación Xeral do Traballo de Grecia (GSEE) proviña desta necesidade tanto como da necesidade de minar a presentación da revolta por parte dos medios como unha "protesta xuvenil á conta dos intereses dos traballadores". Ademais, ofrecía unha oportunidade para expor o rol da propia GSEE na revolta. A iniciativa partiu dalgúns membros das bases do sindicato de base de mensaxeiros que son sobre todo antiautoritarios. Contodo, durante a ocupación quedou claro que mesmo a versión de base do sindicalismo non tiña nada que facer coa revolta. Houbo dous, aínda que non moi claras, tendencias mesmo na asemblea preparatoria: unha sindicalista-obrerista e outra proletaria. Para os membros da primeira, a ocupación debería ter un carácter "obreiro" distintivo, oposto ao chamado carácter xuvenil ou "metropolitano" da

revolta, mentres que os da segunda viana tan só como un momento da revolta, como unha oportunidade de atacar unha institución máis do control capitalista e como punto de encontro de estudantes de instituto, universitarios, parados, traballadores asalariados e inmigrantes, isto é, como unha comunidade de loita máis no contexto da tensión xeral. De feito, a tendencia sindicalista-obrerista tratou de utilizar a ocupación máis como un instrumento ao servizo do sindicato arriba mencionado e a idea dun sindicalismo de base independente de influencias políticas en xeral. Isto non funcionou. Esta é a razón pola que algúns quedaron só dous días.

No que respecta ao resto de sindicatos "independentes" de esquerdas, as cousas foron incluso peor. Tan só houbo unha asemblea de sindicalistas na Facultade de Dereito o 10 de decembro, cando moitos burócratas de esquerdas puñan o acento na necesidade dunha "perspectiva política" na revolta, é dicir, unha mediación política e sindical expresada nunha lista de demandas principalmente populista. Rexeitaban toda proposta de formas de acción violentas e chamaban pomposamente a formar asembleas xerais extraordinarias e á axitación nos lugares de traballo para convocar unha folga xeral unha semana máis tarde -non é necesario dicir que nin sequera se tentou levar a cabo algo do estilo.

En xaneiro os traballadores dos medios de comunicación que participaran activamente na revolta ocuparon as oficinas do sindicato corporativo de xornalistas. O Sindicato de Editores de Xornais Diarios de Atenas

(ESIEA) é o principal sindicato de xornalistas en Grecia. Está composto de xornalistas pertencentes aos principais xornais atenienses, moitos dos cales son ao mesmo tempo empresarios, xa que son produtores de televisión ou posúen periódicos, mentres que exclúe a aqueles xornalistas que traballan con contratos precarios ou son contratados como "freelance". A ocupación do ESIEA centrouse en dous asuntos: o primeiro eran as relacións laborais e a precariedade xeneralizada na industria da comunicación, así como a forma fragmentada de organización sindical dos traballadores desta industria; a segunda era o control da información por parte dos medios oficiais, a maneira de "cubrir" a revolta e como o movemento podía levar a cabo a contrainformación.

Tras o final da ocupación, a mesma xente creou unha asemblea de traballadores de comunicación, estudantes e desempregados que organizaron unha serie de accións en varios lugares de traballo contra os despedimentos ou intentos de despedimentos e "cubriron" manifestacións e outras actividades do movemento, dun modo contrario á propaganda dominante. Moitos membros desta asemblea son antigos estudantes da Facultade de Medios e Comunicación e tomaron parte no movemento estudantil contra a reforma universitaria en 2006-07, mentres que algúns deles anos antes tentaran crear un novo sindicato que incluíse a todos os traballadores da industria da comunicación. Xusto agora os traballadores desta industria están organizados en 15 grupos diferentes (fotógrafos, xornalistas, cámaras, oficinistas, etc.). A idea é crear un sindicato que inclúa a todos os traballadores, sen importar o seu

posto, desde o persoal de limpeza aos xornalistas, e o seu contrato laboral, desde xornada completa a "freelance". Recentemente tentaron coordinar a súa actividade coa dos traballadores despedidos do xornal "Eleftheros Typos".

O 22 de decembro, en Petralona, un vello barrio obreiro da cidade de Atenas, unha limpadora inmigrante búlgara, Konstantina Kuneva, a Secretaria Xeral do Sindicato de Celadores (PEKOP-Sindicato de Celadores e Persoal de Servizo Doméstico de toda Ática), foi vítima dun ataque realizado por sicarios dos xefes, con ácido sulfúrico, cando volvía a casa de onde traballa, unha estación de tren do servizo público ISAP (Trens Eléctricos Atenas-Pireo). Foi ferida de seriedade. Perdeu o uso dun ollo e das súas cordas vocais e aínda está ingresada no hospital. Merece a pena mencionar que ela tamén visitara a ocupación da GSEE dado que as súas actividades previas leváranla a un enfrontamento coa cúpula da burocracia da confederación. O ataque a Konstantina tivo lugar un par de días despois do final da ocupación e foi unha das razóns de tal mobilización de xente sen precedentes. Tras o ataque, formouse unha "assemblea solidaria" que organizou unha serie de accións a base de tácticas de acción directa (ocupación das oficinas centrais da ISAP, sabotaxe ás máquinas de billetes para que os usuarios puidesen viaxar gratis, manifestacións). A assemblea, a pesar das súas divisións internas, xogou un papel crucial á hora de animar a un sorprendente movemento solidario que creceu por toda Grecia esixindo non só a persecución dos matóns e os instigadores senón tamén a abolición

da subcontratación. Deberíamos engadir aquí que a externalización dos servizos de limpeza converteuse na norma para as empresas do sector público e estas empresas deixaron de contratar limpadores directamente. Os contratistas son agora empregadores de miles de celadores, sobre todo mulleres inmigrantes, que limpan centos de lugares públicos, hospitais, estacións ferroviarias, escolas, universidades e outros edificios públicos. Con todo, respecto ao carácter do traballo no sector da limpeza, sempre foi precario e até hai pouco era considerado normal e natural que unha muller fose celadora ou traballadora de servizo doméstico. É máis, ao igualar a subcontratación ou a precariedade coa "escravitude", a maioría deste movemento solidario, composto sobre todo por activistas esquerdistas, trata de identificar certas loitas contra a precariedade -unha das principais formas de reestruturación capitalista neste momento histórico- con demandas políticas xerais de contido socialdemócrata, que tratan ao estado como un empregador "fiable" e preferible ás subcontratas privadas e, por tanto, deixando ao carón a cuestión da abolición do traballo asalariado per se.

A depresión en números, as estratexias do estado e a clase

Como dixemos ao comezo, en Grecia os sinais da depresión foron máis evidentes desde o ano pasado. A fin de facernos unha idea máis clara de cales son estes signos e as consecuencias da fase máis recente da crise, son necesarios algúns datos sobre a

situación da clase obreira.

De acordo con Eurostat, en Grecia atópase a maior proporción de xente vivindo en fogares co pago da hipoteca atrasado. Segundo un estudo do Banco de Grecia en 2007, 6 de cada 10 fogares gregos atrasáronse no pago da hipoteca, 7 de cada 10 con préstamos ao consumo e 1 de cada 2 co cartón de crédito. Á parte do crédito, 7 de cada 10 fogares atrasáronse no pago do aluguer e 6 de cada 10 no pago das facturas da luz, a auga e/ou o gas. A cantidade de fogares baixo crédito excede o 51%, o que significa que 2,15 millóns están atados a algún tipo de crédito. Así pois, está claro que o recurso do crédito comezou a alcanzar o seu límite. No que concierne aos salarios e o desemprego, os índices tamén son reveladores. O 50% dos asalariados reciben menos de 1030 euros brutos. O salario mínimo en Grecia é o máis baixo de Europa Occidental (50% da UE-15). O desemprego xuvenil alcanzou o 25,7% en 2008 e no que respecta ás mulleres, son as europeas máis afectadas polo paro. Uns 800.000 traballadores forman parte da chamada xeración 500 euros. 300.000 deles son "freelance", 295.000 traballan a tempo parcial, 180.000 estaban oficialmente desempregados en 2008 e espérase que 80.000 persoas se unan aos programas estatais (traballos extremadamente mal pagos no sector público ou privado sen seguridade social e que supostamente ofrecen formación) nos anos 2008-09.

O primeiro cuarto de 2009, a taxa de crecemento en Grecia situábase pouco por riba de cero debido a unha diminución no investimento de capital privado, e

estabilizouse mediante investimentos estatais. Debido á depresión, foron despedidas 160.000 persoas como resultado de reducións de persoal, e espérase que este número aumente a 300.000 principalmente nas empresas pequenas e moi pequenas.

Nalgúns sectores a situación actual é a que segue:

No comercio marítimo, unha chea de mariñeiros non recibiron a súa paga e os seus salarios serán conxelados. Os traballadores do sector público tamén terán os seus salarios conxelados. Na industria e o téxtil en particular, son cada vez máis frecuentes as reducións de persoal ou de xornada con menor salario e atrasos no pago. No sector da construción hai unha taxa moi alta de desemprego e deuse un descenso do 17% na produción. O turismo, o sector con máis peso no PNB, xa foi golpeado con altas taxas de desemprego e unha caída do 9% na chegada de turistas.

Aínda que a situación é certamente sombría, as reaccións dos traballadores foron menos que moderadas e certamente demasiado débiles para contraatacar á reestruturación capitalista. Houbo bastantes poucas mobilizacións en resposta aos despedimentos masivos, o atraso nos pagos ou o peche de empresas, principalmente folgas curtas ou paros nalgúñas fábricas. As poucas ocupacións de fábricas ou empresas (unha fábrica de papel, unha compañía de telecomunicacións e unha planta de mobles) quedaron illadas e non estableceron contacto con outros traballadores despedidos; pola contra, prefírese a senda dos acordos bilaterais entre os traballadores e

a empresa ou o Ministerio de Traballo. Parece que na maioría dos casos a xestión da depresión/reestruturación é o patrón estándar: mentres que os traballadores precarios son simplemente despedidos, aqueles traballadores maiores resignanse e esperan un retiro temprano. Por tanto, os despedimentos masivos non se fan visíbeis sempre que o estado "garanta" estes gastos sociais agora para máis tarde anunciar de novo o "colapso do sistema de seguridade social" -un recorrente lema estatal durante o últimos vinte anos- o que carrexaría "novos sacrificios" e demais. Con todo, tal truco pode ser valioso para o estado neste momento, dado que pode gañar tempo e pospor unha explosión xeneralizada. Pero por canto tempo? E cantos poden quedar satisfeitos con tales manobras?

De feito, mentres que a depresión/reestruturación se aprofunda e o capital e o estado reducen os salarios directos e indirectos á vez que aumentan a precariedade e os despedimentos, se atrapan nun círculo vicioso a través do cal se ven forzados a deixar que a crise de lexitimidade se faga máis profunda. Ao mesmo tempo, dado que a "guerra contra o terrorismo" continúa, tentando tratar violentamente os problemas acumulados da fase anterior de desregulación e guerra neoliberal, o estado grego, con tropas en Asia central, atópase actualmente "invadido" por fluxos de refuxiados que el mesmo contribuíu a crear. Afrontando o pesadelo dun novo decembro, máis duro esta vez a medida que a crise se prolonga, e coas indesexables masas de miles de "proletarios sobrantes" de Asia e África, só ten unha carta que pór sobre a

mesa: o fortalecemento dos seus mecanismos represivos que provocaron a revolta de decembro e crearon unha perigosa mestura de violentos nativos e inmigrantes por primeira vez! Con todo, o seu recurso á disciplina e a intensificación do dogma da tolerancia cero é ineludible dado que xa non quedan máis estratexias socialdemócratas para estender a reprodución do proletariado. Vender "seguridade" aos nativos contra os estranxeiros "invasores" empregados como chivo expiatorio, foi a única "oferta social" por parte do estado. De feito, hai novas divisións en axenda a través da creación de novos "inimigos do pobo" e "terrores morais".

A comezos de marzo, despois de que morrese un policía durante un atraco a man armada, moitos policías de alto rango alertaron do rápido aumento de roubos armados desde xaneiro (case 40 ao mes), e atribuíanos tanto á liberación de moitos convictos -unha medida tomada para reducir a conxestión nos cárceres-, como ao "desorde" causado en decembro.

Foi entón cando se comezou a discutir o lanzamento de novas leis represivas. En primeiro lugar, a fin de "protexer o prestixio policial", púxose en práctica unha antiga lexislación, introducida durante a ditadura nos anos 30, contra o delito de "ofensa á autoridade". A famosa consigna da revolta, "Policías, asasinados, porcos", pode supor unha pena de dous anos de cárcere. Unha segunda lexislación cuxo obxectivo son os rebeldes de decembro refírese á "falsificación dos propios trazos faciais", é dicir, queda practicamente prohibido o emprego de carapuchas. Xunto

coa formación de novas forzas policiais e máis patrullas regulares, estes actos van dirixidos a contraatacar aos símbolos favoritos da revolta. A demonización dos "encapuchados", empezando polos antiautoritarios e anarquistas, aumenta a separación dentro dos rebeldes e entre os rebeldes e o resto de proletarios que permaneceron pasivos durante a revolta. Si as multas impostas non fosen tan serias, a un podería mesmo provocarlle a risa o furioso esforzo do estado por lidar cunha revolta social ao nivel das súas consignas e a súa vestimenta!

Explotando a sensación xeral de inseguridade social que a propia crise capitalista creou, o segundo "inimigo" fabricado polo estado son os refuxiados e inmigrantes ilegais que se asfixian nos "guetos híbridos" de Atenas. Os mecanismos de represión saben ben que unha gran parte da multitude rebelde que tomou as rúas de Atenas aqueles días e noites de decembro e de novo en maio durante uns disturbios a pequena escala protagonizados por musulmáns estaba formada por inmigrantes dos barrios próximos. Este "gueto", principalmente situado no centro histórico da cidade, lembra aos guetos americanos, en aspectos como a "segregación vertical" entre os habitantes, noutras palabras, un carácter social non uniforme, ou as políticas de "diminución planificada". Lembra tamén aos barrios obreiros do oeste de Europa, en aspectos como a mestura multirracial/étnica. As similitudes arriba mencionadas ou, mellor dito, analogías, deberían ser tratadas con precaución, especialmente debido ás diferenzas a gran escala. Un aluvión mediático de artigos apaixonados e reportaxes

televisivas directos ao corazón, enfocados na degradación ambiental e financeira dos barrios do centro, principalmente relacionada co aloxamento incontrolado/desorganizado de miles de inmigrantes ilegais, a presenza de ionquis, prostitutas e outrxs lumpenproletarixs, marcou a primeira fase desta nova guerra. Hai que mencionar que este aluvión mediático comezara algo antes do levantamento de decembro.

A segunda fase foi moito máis directa e violenta. Os ataques físicos a inmigrantes e a quen lles apoian por parte de membros dun grupo neonazi foron acompañados de detencións masivas que deron lugar a encarceramentos e deportacións. As asembleas locais de "cidadáns indignados" dereitistas e comerciantes pequenoburgueses, organizados polo único partido de ultradereita no parlamento, protestaron contra a presenza de inmigrantes nos seus barrios e mesmo recorreron á acción directa contra eles, como no bloqueo dun patio de xogos local, onde adoitaban xogar cheas de fillos de inmigrantes mentres os seus pais paseaban ao redor. Ademais, baixo o pretexto de "protección da saúde pública", foron rexistrados moitos edificios vellos e/ou abandonados do centro onde se aloxan miles de inmigrantes e leváronse a cabo ordes de evacuación. Aquí, as constantes "operacións de limpeza" contra os inmigrantes e "lumpens" do centro de Atenas, deben ser vistas como un esforzo por aburguesar aquelas áreas do "centro histórico" que se manteñen "subdesenvolvidas" e se resisten a converterse en áreas museo, caras e estériles, como na maioría das cidades de Europa Occidental.

Á parte de todo isto, o goberno grego tamén anunciou que planea construír 11 "campos de concentración" por todo o país, parecidos aos xa establecidos en Italia, onde esperarán a súa deportación os inmigrantes detidos. Recentemente, aprobouse unha nova lexislación segundo a cal o tempo de detención de inmigrantes ilegais antes da súa deportación aumenta de 6 a 12 meses e calquera estranxeiro con cargos delictivos e unha pena de cárcere de tres meses ou máis pode ser deportado inmediatamente, cualificado como "perigoso para a orde pública e a seguridade".

O recente discurso do primeiro ministro grego, que relacionou a "delincuencia" cos inmigrantes "ilegais" e os "encapuchados", apunta a unha continuación da -xa fracasada- da xestión neoliberal da crise; a reinvenção e demonización das "clases perigosas" como arma para unha maior división e disciplina do proletariado a fin de que acepte a deterioración das súas condicións de vida pola reestruturación. Con todo, a lista de "delincuentes" podería ampliarse perigosamente e incluír nun futuro próximo a aqueles que simplemente "simpatizaron" cos rebeldes en decembro. Dado que o "contrato social" resultou fendado e non hai volta ás anteriores estratexias socialdemócratas a ollos vista, a relación social capitalista non pode ser reproducida adecuadamente e quizais aqueles "simpatizantes" terán un millón de razóns para probar que son xustos os temores dos xefes do mundo acerca da revolta de decembro como o preludio dunha explosión proletaria xeralizada no transcurso da crise global de reprodución.